



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de abril de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e corenta minutos do día nove de abril de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(246).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(247).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE OBRAS “RENOVACIÓN DA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO NA AVDA. CAMELIAS, ENTRE AVDA. HISPANIDADE E A PRAZA DO BICENTENARIO” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE . EXPTE. 6511/440.

Dáse conta o informe-proposta de data 8/04/2020, asinado polo xefe do Servizo de Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo Acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 8 de abril de 2020, os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter urxente e inaprazable da actuación consistente na “Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”.

Segundo este informe considerase necesario, urxente e inaprazable substituír a tubería de abastecemento actual de fibrocemento por unha nova canalización de fundición dúctil, así como as pezas de manobra e conexión, debido o elevado deterioro da mesma, que non permite garantir que coa súa reparación non se volvan producir novas roturas nun breve



Concello de Vigo

período do tempo, o que provoca unha afección sobre o acceso á auga potable a unha poboación aproximada de 4.600 persoas.

Asemade, estas afeccións se ven agravadas na situación actual de emerxencia sanitaria e estado de alerta declarado co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, nas que ademais de que permanecen nas vivendas afectadas máis veciños, resulta especialmente necesario extremar as medidas de hixiene por parte da cidadanía, e por tanto débese garantir o subministro de auga á poboación.

V.- A vista deste informe, con data 8 de abril de 2020, o Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico “Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”.

VI.- Xustificación tramitación durante o Estado Alarma.- O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos

No presente caso, a proposta sometida a aprobación refírese a un procedemento indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata dunha actuación necesaria para permitir o funcionamento dun servizo público obrigatorio e esencial – o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

VII.- O proxecto a redactar deberá adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Acordar a continuidade do procedemento, por canto a caso a proposta sometida a aprobación no presente expediente -encomenda da redacción do correspondente proxecto técnico para a execución das actuacións de “Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”- refírese a unha

actuación indispensable para a protección do interese xeral xa que se trata de dar continuidade ao funcionamento básico dun servizo público obrigatorio e esencial –o abastecemento de auga- inclusive fundamental para manter a salubridade pública.

2º.- Encomendar con **carácter urxente e inaprazable** á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”**.

3º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“Renovación da tubería de abastecemento na avenida Camelias, entre a avda Hispanidade e a praza do Bicentenario”**.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta e oito minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez